



## NOTA DE PRENSA

# Expertos médicos defenden a hidroloxía como complemento da Medicina tradicional

**Aseguran que os tratamentos termais, que non teñen efectos secundarios negativos para os pacientes, axudan a que se consuman menos fármacos**

---

*Santiago, 27 de abril de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- A Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia celebra esta tarde, no edificio docente Roberto Novoa Santos da USC, unha nova sesión dirixida a futuros facultativos, ás 18:30 horas. **Marta Arribas**, directora médico do balneario Isla de La Toja, abordará as principais aplicacións clínicas da balneoterapia.

A doutora manifesta a importancia de que os futuros facultativos coñezan a especialidade da hidroloxía médica, posto que “complementa dun xeito moi positivo á Medicina tradicional, ao tempo que favorece que os pacientes consuman menos fármacos. Ademais, son tratamentos sen efectos secundarios negativos para os pacientes, fronte ao que ocorre con algúns medicamentos”.

### **Doenzas do aparato locomotor, problemas respiratorios e afeccións da pel**

A doutora sinala que as augas mineiromedicinais están especialmente indicadas para tratar doenzas do aparato locomotor, tanto reumatolóxicas como musculares, en particular a artrose (sobre todo de cadeira e de xeonllo) e a artrite no caso das persoas maiores e contracturas e sobrecargas musculares en pacientes xoves. Nesta liña, as augas favorecen a mobilización, ao tempo que exercen unha importante acción analxésica, antiinflamatoria e descontracturante.

A doutora salienta que as augas fomentan a mobilidade das articulacións, melloran o estado xeral da musculatura e a circulación. “Axudan a que as rehabilitacións sexan moito máis rápidas, posto que, como o corpo perde peso dentro da auga, os músculos móvense con maior axilidade” -apunta-. E a calor favorece que se alivie a dor.

Outra das principais indicacións terapéuticas das augas mineiromedicinais son as súas propiedades para tratar enfermidades da pel, tanto en adultos como en nenos. Así, segundo asegura a doutora, “logo dun tratamento de entre 15 e 20 días lógranse resultados moi satisfactorios en trastornos como a psoríase e a dermatite atópica. O 80% dos pacientes recoñecen unha melloría tralo emprego de baños e a aplicación de lodos termais”.

Tamén se logran resultados moi efectivos no caso das afeccións do aparato respiratorio e do sistema otorrino logo dun tratamento termal. “As mucosas hidrátanse, de xeito que o aire pasa mellor e, ademais, favorécese a eliminación da mucosidade”, afirma a doutora, quen apunta que “as augas aconséllanse para tratar bronquites crónicas, rinites, otites, asma e mesmo para curar as otites tan habituais nos nenos”.